



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra dítou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

## **ASISTENTES**

### **PRESIDENTE**

D. Miguel Ángel Pérez Dubois

### **VOGAIS**

Dña. Amalia Elsa Pazos Pintos  
(Xefa do Servizo de Montes)

D. X. Carlos Morgado Martínez  
(Representante das CMVMC da provincia de Pontevedra)

D. Víctor Abelleira Argibay  
(Representante do colexio de avogados da provincia)

Dña. Lorena Peiteado Pérez (Letrada da Xunta de Galicia)

### **VOGAIS REPRESENTANTES DA CMVMC DE DOMAIO**

D. Manuel Jorge Fernández González  
D. Calisto Escariz Vázquez

### **SECRETARIA**

Dña. Ana Belén Fernández Dopazo (Funcionaria adscrita ao Servizo Xurídico Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:30 horas do día 30/06/2015 coa asistencia das persoas á marxe rescollidas, reúnese na 2ª planta do edificio administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladrada o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre resolución do expediente de clasificación dos montes denominados "A Cerradilla e outros" solicitado a prol dos veciños da CMVMC de Domaio, na parroquia de Domaio ( Moaña)

## **ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.-** Con data de entrada 30/07/2008, don Juan Santos Gómez, en condición de presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da parroquia de Domaio, pertencente ao Concello de Moaña, presenta unha solicitude de iniciación de clasificación dos montes "A Cerradilla e outros", cun total de 20 parcelas.

O 19/08/2008 a secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais informa ao solicitante que unha vez revisada a documentación aportada para a clasificación das parcelas solicitadas é necesario corrixir a planimetría conforme ao indicado polo Servizo de Montes, incluíndo planos cartográficos xerreferenciados, relación de colindantes e superficie final de cada una das parcelas.

En agosto de 2010, a Comunidade de Montes de Domaio aporta planimetría corrixida segundo os requirimentos do Servizo de Montes.

O 14/09/2011 o Servizo de Montes indica á secretaria do Xurado de Montes Veciñais que a planimetría presentada é suficiente para identificar as parcelas, que doce non están clasificadas e que oito delas ofrecen dúbidas sobre a súa clasificación anterior. Ademais, varias delas aparecen ocupadas parcialmente por titularidades catastrais de particulares e que a comunidade non presentou relación de colindantes.

O 28/09/2011 a secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais informa ao solicitante da necesidade de presentar relación de lindantes e presentar documentación de que dispoñan para aclarar a posible clasificación anterior das oito parcelas referidas.

O 29/11/2011 a Comunidade de Montes de Domaio presenta relación de lindantes das parcelas obxecto do expediente. Sobre a posibilidade de que oito parcelas xa estean clasificadas, a comunidade alega que a partir dos datos da clasificación anterior realizou hai anos un principio de deslindamento que contribuíu a claresar os lindes do terreo clasificado e actualizar o esbozo da carpeta-ficha. Estes lindes foron recoñecidos pola Xunta de Galicia no convenio existente coa comunidade de montes e serviron tamén como base planimétrica para a elaboración do actual Plan Técnico de xestión do Monte. En base a eses lindes, as oito parcelas referidas estarían lindantes co monte veciñal clasificado pero fóra do seu perímetro.

O 02/01/2012 o Servizo de Montes informa á secretaria do Xurado de Montes Veciñais que a nova planimetría aportada é correcta e permite identificar as parcelas obxecto do expediente e que a falta de nova documentación sobre as oito parcelas dúbidosas non permiten aclarar a súa situación.

O 16/04/2012, Juan Roberto Darriba Ferradás, propietario dunha finca lindante coa parcela denominada "Pumarinho", solicita persoarse no proceso de clasificación.

Na sesión do 19/11/2012, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acordou incoar o correspondente expediente de clasificación das 20 parcelas referidas, baixo o nome de "Monte da Cerradiña e outros".

O 14/12/2012 a secretaria do Xurado solicita ao Servizo de Montes o correspondente informe preceptivo conforme ao establecido no artigo 20 do Decreto 2260/1992 do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989 de Montes Veciñais en Man Común.

O 15/04/2013 o Servizo de Montes remite o informe preceptivo.

O 24/05/2013 o Rexistrador da Propiedade de Campas remite a correspondente certificación, indicando en primeiro lugar que non aparecen inscritas neste rexistro a nome de persoa algunha tal e como se describen, aínda que as tres últimas (Balela, Regueiriño e Borna) puiden coincidir cando menos parcialmente coas fincas rexistradas nº 6.383-bis, 4.111 e 3.883, as dúas primeiras inscritas a favor da Comunidade de Montes de Domaio e a última a nome do Concello de Moaña.

**SEGUNDO.-** Durante o trámite de audiencia presenta escrito a Comunidade de Montes de Domaio aportando diversa documentación para demostrar o carácter veciñal das parcelas e o seu aproveitamento polos veciños.

Tamén presenta dous escritos don J. Roberto Darriba Ferradás, que afirma que a parcela "Pumarinho" é da súa propiedade, anexa a outra finca lindante cunha edificación que di pertence á súa nai, constituíndo as dúas fincas unha única propiedade, segundo recollen os datos catastrais, dos cales presenta consulta descritiva e gráfica. Nega o aproveitamento veciñal e alega que é el quen limpa regularmente a parcela.

En resposta a estas alegacións, presenta escrito a Comunidade de Montes de Domaio, apelando ao art. 27 do Decreto 260/1992 que establece que "non será obstáculo á clasificación dun monte



como veciñal en man común o feito de estar incluído nalgún catálogo, inventario ou rexistro público con asignación de diferente titularidade".

O 25/10/2013, a Comunidade de Montes de Meira, lindante coa de Domaio, presenta escrito oponéndose á clasificación da parcela Borna, por considerar que pertence aos veciños de Meira. Solicita copia do expediente e ampliación do prazo para presentar alegacións, que lle foi denegado.

**TERCEIRO.-** Á vista da documentación aportada pola comunidade solicitante e o informe do Servizo de Montes, as parcelas obxecto do presente expediente teñen a seguinte descrición:

**Concello: MOAÑA.**  
**Parroquia: DOMAIO.**

**Nome do monte: A CERRADIÑA.**  
**Superficie: 0,1558 ha.**

**Lindes:**

|       | <u>Polígono-parcela</u> | <u>Propietario</u>      |
|-------|-------------------------|-------------------------|
| Norte | 69-9001                 | estrada                 |
| Sur   | 69-9005                 | costa                   |
|       | 69-85 (parte)           | descoñecido             |
| Leste | 69-84                   | Santiago Cabello        |
| Oeste | 69-9001                 | camión                  |
|       | 69-86                   | José Rodríguez Martínez |

**Nome do monte: A GRANXA**  
**Superficie: 0,1354 ha.**

**Lindes:**

|       | <u>Polígono-parcela</u> | <u>Propietario</u>               |
|-------|-------------------------|----------------------------------|
| Norte | 27-617                  | Rodríguez Martínez, María        |
|       | 27-618                  | Palmis Pastoriza, José           |
|       | 27-619                  | González Rocha, María del Carmen |
| Sur   | 27-617                  | Rodríguez Martínez, María        |
|       | 27-620                  | Rodríguez Martínez, María        |
| Leste | 27-9018                 | camión                           |
| Oeste | 27-9003                 | camión                           |
|       | 27-621                  | Bemposta, José                   |

**Nome do monte: CARROQUE - PEDRA NEGRA**  
**Superficie: 0,6753 ha.**

**Lindes:**

**Parcela norte**

|       | <u>Polígono-parcela</u> | <u>Propietario</u>                 |
|-------|-------------------------|------------------------------------|
| Norte | 30-207                  | Acuña González, Francisca e outros |
| Sur   | 30-9001                 | Vía rápida do Morrazo              |
| Leste | 30-207                  | Acuña González, Francisca e outros |
| Oeste | 30-207                  | Acuña González, Francisca e outros |

**Parcela sur**

|       | <u>Polígono-parcela</u> | <u>Propietario</u>                          |
|-------|-------------------------|---------------------------------------------|
| Norte | 30-9001                 | Vía rápida do Morrazo                       |
|       | 30-20207                | Comunidade de Montes en Man Común de Domaio |
|       | 30-30207                | Comunidade de Montes en Man Común de Domaio |
| Sur   | 35-136                  | Álvarez Calvar, María Asunción              |
|       | 35-77                   | Moneira Portela, Adelaida                   |
| Leste | 35-136                  | Álvarez Calvar, María Asunción              |



|       |                   |                                                         |
|-------|-------------------|---------------------------------------------------------|
| Oeste | 30-9001<br>35-136 | Via rápida do Morrazo<br>Álvarez Calvar, María Asunción |
|-------|-------------------|---------------------------------------------------------|

**Nome do monte: CASRREGUEIRA**

Superficie: 0,6911 ha.

Landes:

|       | Polígono-parcela | Propietario                                 |
|-------|------------------|---------------------------------------------|
| Norte | 39-24            | López Regueira, Concepción                  |
|       | 39-30            | Martínez Ríos, José Luis                    |
|       | 39-31            | González Palmas, Elisa                      |
|       | 39-32            | Ferradas Calvar, Eugenio                    |
|       | 39-94            | Comunidade de Montes en Man Común de Domaio |
|       | 39-29            | Rosales Fernández, Francisco                |
|       | 36-9003          | camíño                                      |
| Sur   | 36-251           | descoñecidos                                |
|       | 39-56            | Bello González, Elvira e outros             |
|       | 39-60            | González Palmas, Francisco                  |
|       | 39-61            | Casas Curro, Julio César                    |
|       | 39-63            | González Filgueira, María                   |
|       | 39-64            | Rocha Solla, José                           |
|       | 39-66            | descoñecidos                                |
|       | 39-68            | Cortegoso Palmas, Elena                     |
|       | 39-9003          | estrada                                     |
| Leste | 36-9003          | camíño                                      |
|       | 36-270           | Ferradas Solla, María                       |
|       | 39-88            | Arcebispo Santiago de Compostela            |
| Oeste | 39-30            | Martínez Ríos, José Luis                    |
|       | 39-94            | Comunidade de Montes en Man Común de Domaio |
|       | 39-56            | Bello González, Elvira e outros             |
|       | 39-40            | González Filgueira, Carmen                  |

**Nome do monte: CRUCEIRO**

Superficie: 0,4972 ha.

Landes:

|                         | Polígono-parcela | Propietario                                                       |
|-------------------------|------------------|-------------------------------------------------------------------|
| <b>Parcela norte</b>    |                  |                                                                   |
| Norte                   | 27-30247         | Acuña González, Francisca e outros                                |
| Sur                     | 27-663           | Palmás González, Luisa/Rodríguez Martínez, Manuel                 |
| Leste                   | 27-367           | Vidal González, Carmen                                            |
| Oeste                   | 27-30247         | Acuña González, Francisca e outros                                |
| <b>Parcela centro</b>   |                  |                                                                   |
| Norte                   | 27-30247         | Acuña González, Francisca e outros                                |
|                         | 27-663           | Palmás González, Luisa/Rodríguez Martínez, Manuel                 |
| Sur                     | 27-393           | Bermúdez Casas, Manuel                                            |
|                         | 27-387           | Lago Veiga, Antonio Alberto/Ríos Santomé, M <sup>a</sup> Cristina |
|                         | 27-388           | Iheria González Pastoriza                                         |
| Leste                   | 27-9011          | camíño                                                            |
|                         | 27-684           | José Cortegoso Piñeiro                                            |
|                         | 27-386           | Táboas González, María                                            |
| Oeste                   | 27-30247         | Acuña González, Francisca e outros                                |
| <b>Parcela suroeste</b> |                  |                                                                   |
| Norte                   | 27-30247         | Acuña González, Francisca e outros                                |
|                         | 27-349           | Manoel Fernández Moreira                                          |
|                         | 27-354           | José Fernández Moreira                                            |
|                         | 27-355           | Francisco Fernández Rosales                                       |
|                         | 27-357           | Peregrina Ríos Solla                                              |
|                         | 27-359           | Celia Martínez Verdeal                                            |
| Sur                     | 27-30247         | Acuña González, Francisca e outros                                |
|                         | 27-687           | Pastoriza Paz, Victoria                                           |
| Leste                   | 27-30247         | Acuña González, Francisca e outros                                |



Oeste 27-30247  
27-348

Acuña González, Francisca e outros  
Ríos Solía, Elvira

**Nome do monte: FONTÁN**

Superficie: 0,2256 ha.

Lindes:

|                      | <u>Polígono-parcela</u> | <u>Propietario</u>                          |
|----------------------|-------------------------|---------------------------------------------|
| <b>Parcela norte</b> |                         |                                             |
| Norte                | 38-9001                 | estrada                                     |
|                      | 69-67                   | Estado M. Fomento                           |
| Sur                  | 69-9001                 | camión                                      |
|                      | 69-71                   | Solía González, María Luisa                 |
| Leste                | 69-70                   | descoñecidos                                |
| Oeste                | 69-73                   | Comunidade de Montes en Man Común de Domaio |
|                      | 27-9004                 | estrada                                     |
| <b>Parcela sur</b>   |                         |                                             |
| Norte                | 69-79                   | Comunidade de Montes en Man Común de Domaio |
|                      | 69-77                   | Curro Alonso, Iberia                        |
| Sur                  | 69-80                   | Cabaleiro Veiga, Olimpo                     |
|                      | 69-79                   | Comunidade de Montes en Man Común de Domaio |
| Leste                | 69-9005                 | costa                                       |

Oeste 69-9001  
69-80

camión  
Cabaleiro Veiga, Olimpo

**Nome do monte: FONTESALGUEIRO**

Superficie: 0,2740 ha.

Lindes:

|       | <u>Polígono-parcela</u> | <u>Propietario</u>                          |
|-------|-------------------------|---------------------------------------------|
| Norte | 30-193                  | Comunidade de Montes en Man Común de Domaio |
| Sur   | 30-207                  | Acuña González, Francisca e outros          |
| Leste | 30-193                  | Comunidade de Montes en Man Común de Domaio |
|       | 30-207                  | Acuña González, Francisca e outros          |
| Oeste | 30-193                  | Comunidade de Montes en Man Común de Domaio |

**Nome do monte: LAXE DA COSTA-PUMARIÑO**

Superficie: 0,2187 ha.

Lindes:

|       | <u>Polígono-parcela</u> | <u>Propietario</u>                          |
|-------|-------------------------|---------------------------------------------|
| Norte | 39-84                   | descoñecidos                                |
|       | 39-90                   | Parente Alves, Manuel                       |
|       | 39-81                   | descoñecidos                                |
|       | 39-385                  | Comunidade de Montes en Man Común de Domaio |
|       | 39-9003                 | estrada                                     |
| Sur   | 39-10125                |                                             |
|       | 39-126                  | Solía, Claudina                             |
| Leste | 39-77                   | Lago Verdeal, Carmen                        |
|       | 39-78                   | Valentina Veiga Regueira                    |
|       | 39-79                   | Veiga Rosales, Flora                        |
|       | 39-689                  | Ferradas González, Pilar                    |
| Oeste | 39-10125                | Ermitas Ferradas Lago                       |
|       | 39-9003                 | estrada                                     |

**Nome do monte: LIÑARES-BARREIROS**

Superficie: 3,8392 ha.

Lindes:

|       | <u>Polígono-parcela</u> | <u>Propietario</u>    |
|-------|-------------------------|-----------------------|
| Norte | 33-9005                 | Vía rápida do Morrazo |

|       |          |                                             |
|-------|----------|---------------------------------------------|
| Sur   | 33-50079 | Comunidade de Montes en Man Común de Domaio |
|       | 33-9003  | estrada                                     |
| Leste | 33-9005  | Via rápida do Monazo                        |
|       | 33-10080 | Acuña González, Francisca e outros          |
| Oeste | 33-9007  | estrada                                     |
|       | 33-94    | Lozano Zuza, Víctor                         |
|       | 33-46    | Requeira Blanco, Juan Manuel                |
|       | 34-839   | José Antonio Gestido Carballo               |
|       | 33-10080 | Acuña González, Francisca e outros          |
|       | 33-44    | Ferradas Pequeño, Luís                      |
|       | 33-45    | Comunidade de Montes en Man Común de Domaio |

**Nome do monte: OUTEIRO DA PORTELA**

Superficie: 0,0511 ha.

Líndes:

|       | <u>Polígono-parcela</u> | <u>Propietario</u>              |
|-------|-------------------------|---------------------------------|
| Norte | 27-10633                | Palmás Pastoriza, José          |
|       | 27-630                  | Rocha Solla, Manuel             |
| Sur   | 27-635                  | Carro Piñeiro, Francisco Javier |
|       | 27-634                  | Carro Piñeiro, Francisco Javier |
| Leste | 27-630                  | Rocha Solla, Manuel             |
|       | 27-634                  | Carro Piñeiro, Francisco Javier |
| Oeste | 27-637                  | Palmás González, José           |
|       | 27-634                  | Carro Piñeiro, Francisco Javier |

**Nome do monte: PARADELA**

Superficie: 0,6778 ha.

Líndes:

|       | <u>Polígono-parcela</u> | <u>Propietario</u>             |
|-------|-------------------------|--------------------------------|
| Norte | 39-10001                | Comunidade de Montes de Domaio |
| Sur   | 39-10001                | Comunidade de Montes de Domaio |
|       | 39-21                   | Maria Moreira Regueira         |
|       | 39-22                   | Maria Isabel Pastoriza Estévez |
|       | 39-23                   | Carlos Fernando Solla Veiga    |
| Leste | 36-251                  | descoñecidos                   |
|       | 36-254                  | descoñecidos                   |
| Oeste | 39-10001                | Comunidade de Montes de Domaio |

**Nome do monte: PRADO CALVAR**

Superficie: 0,0186 ha.

Líndes:

|       | <u>Polígono-parcela</u> | <u>Propietario</u>          |
|-------|-------------------------|-----------------------------|
| Norte | 34-683                  | Magallanes González, Manuel |
|       | 34-446                  | Paredes Rosales, Felisa     |
| Sur   | 34-444                  | Ríos Pequeno, Filomena      |
|       | 34-443                  | Maria Ferradas Estévez      |
| Leste | 34-445                  | Palmás Ferradas, Iberia     |
| Oeste | 34-684                  | Ricobé Dios, Maria Modesta  |
|       | 34-445                  | Palmás Ferradas, Iberia     |
|       | 34-683                  | Magallanes González, Manuel |

**Nome do monte: PRADO PALMÁS**

Superficie: 0,0043 ha.

Líndes:

|       | <u>Polígono-parcela</u> | <u>Propietario</u>         |
|-------|-------------------------|----------------------------|
| Norte | Sen definir             | camión                     |
|       | 38-208                  | Piñeiro Vázquez, Berta     |
| Sur   | 38-215                  | Dolores González Pastoriza |
| Leste | Sen definir             | camión                     |
|       | 38-208                  | Piñeiro Vázquez, Berta     |
| Oeste | Sen definir             | camión                     |
|       | 38-72                   | Lago Verdeal, Carmen       |



38-73

Palmás Solla, Adelaida

**Nome do monte: RÍO DO BAZO**

Superficie: 0,0533 ha.

Lindes:

Polígono-parcela Propietario

**Parcela norte**

|       |             |                                             |
|-------|-------------|---------------------------------------------|
| Norte | Sen definir | rego                                        |
|       | 37-538      | García Coello, Peregrina                    |
| Sur   | 37-662      | González Veiga, Digna                       |
|       | 37-9003     | Río                                         |
| Leste | 37-542      | José Calvar Rouco                           |
|       | 37-658      | Calvar Regueira, Luisa                      |
|       | 37-656      | Calvar Regueira, José/Curro Regueira, María |
| Oeste | Sen definir | río                                         |
|       | 37-9003     | camino                                      |

**Parcela sur: Muíño de Palma**

|       |         |                           |
|-------|---------|---------------------------|
| Norte | 37-9003 | Río                       |
| Sur   | 37-747  | Calvar Rouco              |
|       | 37-750  | Victoria Martínez Verdeal |
|       | 37-751  | Fernando González Pequeño |
| Leste | 37-752  | Ríos, José                |
|       | 37-753  | Curro Alonso, María       |

Oeste 37-753 Curro Alonso, María

**Nome do monte: SAN LORENZO**

Superficie: 0,3214 ha.

Lindes:

Polígono-parcela Propietario

|       |         |                                             |
|-------|---------|---------------------------------------------|
| Norte | 30-184  | Comunidade de Montes en Man Común de Domaio |
| Sur   | 30-14   | González Cruch, Manuel                      |
| Leste | 30-27   | Chantada González, Isabel                   |
|       | 30-28   | Ríos Chantada, Carmen                       |
|       | 30-204  | Golf Domaio, S.A.                           |
| Oeste | 30-29   | Chantada González, Benedicta                |
|       | 30-30   | Conde Chantada, Daniel                      |
|       | 30-9002 | Camino                                      |
|       | 30-204  | Golf Domaio, S.A.                           |

**Nome do monte: SOUTO**

Superficie: 0,2487 ha.

Lindes:

Polígono-parcela Propietario

|       |         |                                             |
|-------|---------|---------------------------------------------|
| Norte | 36-9003 | camino                                      |
|       | 39-88   | Arcebispo Santiago de Compostela            |
|       | 39-89   | Concello de Moaña                           |
| Sur   | 36-690  | Palmás Regueira, María                      |
| Leste | 36-9011 | camino                                      |
|       | 36-9004 | camino                                      |
|       | 36-696  | descoñecidos                                |
| Oeste | 39-68   | Cortegoso Palmás, Elena                     |
|       | 39-69   | Palmás Pastoriza, José                      |
|       | 39-70   | Pastoriza Estévez, María Isabel             |
|       | 39-385  | Comunidade de Montes en Man Común de Domaio |

**Nome do monte: VIDUÍDO**

Superficie: 0,9724 ha.

Lindes:

|       | Polígono-parcela | Proprietário                     |
|-------|------------------|----------------------------------|
| Norte | 27-135           | Rosendo Rosales, Rosendo         |
|       | 27-9001          | estrada                          |
|       | 28-197           | Alonso Paz, Benita e outros      |
|       | 28-306           | Dosinda Carmen Ríos Pequeno      |
|       | 28-299           | desconhecidos                    |
|       | 28-300           | José Curro Vidal                 |
|       | 28-301           | Manuel Rieho Pastoriza           |
| Sur   | 28-295           | José García Rieho                |
|       | 27-9001          | estrada                          |
| Leste | 28-296           | desconhecidos                    |
|       | 28-286           | García Rosales, María            |
|       | 28-9009          | caminho                          |
|       | 28-275           | Conde Palmás, María              |
|       | 28-635           | García Rieho, María              |
| Oeste | 28-284           | Bragado Iglesias, Ángel e outros |
|       | 27-142           | desconhecidos                    |
|       | 27-143           | Gerardo Verdeal Rial             |
|       | 27-144           | Cesáreo Verdeal Rial             |
|       | 27-145           | desconhecidos                    |
|       | 27-146           | desconhecidos                    |
|       | 27-148           | Carmen Verdeal Rial              |
|       | 27-149           | Salvador Garrido García          |
|       | 27-150           | José García Rieho                |
|       | 28-284           | Bragado Iglesias, Ángel e outros |

**Nome do monte: BALIELA**

Superfície: 0,7990 ha.

Lindes:

|       | Polígono-parcela | Proprietário              |
|-------|------------------|---------------------------|
| Norte | 33-9004          | Estrada N-550             |
| Sur   | 70-9003          | costa                     |
| Leste | 70-18            | José Molares Alonso de Sa |
| Oeste | 70-15            | José Molares Alonso de Sa |

**Nome do monte: REGUEIRIÑO**

Superfície: 0,6495 ha.

Lindes:

|       | Polígono-parcela | Proprietário                                |
|-------|------------------|---------------------------------------------|
| Norte | 32-9006          | Estrada N-550                               |
| Sur   | 70-9003          | costa                                       |
| Leste | 70-19            | Comunidade de Montes en Man Común de Domaio |
| Oeste | 70-18            | José Molares Alonso de Sa                   |

**Nome do monte: BORNA**

Superfície: 0,8453 ha.

Lindes:

|       | Polígono-parcela    | Proprietário                                    |
|-------|---------------------|-------------------------------------------------|
| Norte | 68-9001             | Estrada local ao cargadoiro Aljibes e Estaleiro |
| Sur   | 69-9005             | costa                                           |
| Leste | 69-142 e<br>27-9004 | Estrada N-550                                   |
| Oeste | 68-9001 e<br>9006   | Estrada local ao cargadoiro Aljibes e Estaleiro |





## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro:** O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

**Segundo.-** De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro cómpre entender por montes veciñais en man común “... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños”.

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

A isto debe engadíse, como ben sinala para casos análogos o Xulgado Contencioso-Administrativo Nº3 de Pontevedra, en sentenza de 29 de xuño de 2009:

*“La función del Jurado Provincial es la de comprobar la existencia o no de un aprovechamiento consuetudinario comunal en los términos indicados en el artículo 1 de la Ley 13/89, lo cual excluye de su examen cuestiones de propiedad, reservadas a la jurisdicción ordinaria y que no obstan a la clasificación del MV/MC. Tampoco es obstáculo a tal fin que el monte figure incluido, a nombre de otras personas o entidades, en catálogos, inventarios o registros públicos, salvo que dicha inclusión sea consecuencia de una sentencia dictada en juicio declarativo (Stc. de TSX de Galicia de 8 de mayo 2008 donde se reproduce con claridad la doctrina del TS que define como única razón válida para la clasificación la constante posesión continuada del aprovechamiento de los montes por los vecinos de forma mancomunada, sin que frente a este estado posesorio de los aprovechamientos del monte, no necesariamente forestales, puedan prevalecer los actos de disposición de los mismos siquiera hayan tenido acceso al Registro de la Propiedad...”*

Sobre os tipos de aproveitamento, este ha de entenderse en sentido amplo no referido aos usos posibles, que poden ser variados e distintos en cada momento e parcela. A xurisprudencia establecida así o aclara. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a través da Sala do Contencioso-Administrativo, en sentenza nº 1239/2002 establece que

*“...a Ley 13/89 di que os montes veciñais son con independencia das súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria. Por iso o feito de que o uso actual principal da parcela litixiosa non sexa agrícola, forestal ou gandeira, senón recreativo, non é obstáculo para a súa clasificación como monte veciñal...”*

E a doutrina emanada do Tribunal Supremo, a través da súa Sala Contencioso-Administrativa, é clara cando xa en sentenza do 22 de febreiro de 1988 establece que *"...la Abogacía del Estado presenta, como primera causa de oposición, la de aplicar el concepto de monte a los terrenos que se reclaman como vecinales; cuestión esta que no puede resolverse ante los conceptos que se explican en las disposiciones legales, por cuanto se observa que tanto la Ley de Montes como su Reglamento, o las Leyes de Montes Vecinales en Mancomunidad de 1968 o la regente de 1980 atienden en sentido primordial al aprovechamiento forestal, respondiendo a una política aneja de protección del monte y al cultivador desde el punto de vista de la repoblación forestal, criterio este que, en relación al ámbito específico del monte vecinal en mancomunidad, característico de Galicia, fue superado por la Jurisprudencia en atención a sus características consuetudinarias, en el sentido de estimar que el monte no sólo podía tener una finalidad forestal..., deduciéndose de ello que ese criterio jurisprudencial ha sido aplicado por los Juntas Provinciales con un sentido amplio, atendiendo a la explotación y el aprovechamiento por el común de los vecinos e interpretando la Ley conforme indica el Código Civil en su artículo 3º, en atención a las circunstancias de tiempo y lugar."*

Ademais da documentación histórica, a comunidade de montes solicitante presentou unha extensa documentación para probar o uso polos veciños das parcelas solicitadas de clasificación. A documentación é variada e reflicte tamén o variado uso que os veciños lles dan ás parcelas en función das súas necesidades produtivas ou sociais.

Polo exposto, ponse en evidencia que na maior parte dos terreos que se pretenden clasificar existe unha utilización periódica veciñal nos termos aplicables do artigo 1 da Lei 13/89 por parte da CMVMC de Domaio.

**Terceiro.-** Algunhas das parcelas solicitadas de clasificación inclúen instalacións como lavadoiros ou fontes, o que constitúe nestes casos unha acreditación do uso veciñal. A ausencia de alegacións por parte do Concello de Moaña, notificado debidamente da apertura e trámite do presente expediente, ha de entenderse segundo o estipulado no artigo 27 do Decreto 260/1992 polo que se aproba o Regulamento de Montes Veciñais, que establece que no caso de que os bens obxecto da clasificación estivesen incluídos no Inventario de Bens Municipais, os concellos non están obrigados a opoñerse á clasificación. Xa que logo, este proceder leva implícito o recoñecemento do carácter veciñal destes terreos por parte do Concello.

## CONCLUSIONS DA INVESTIGACIÓN

**Primeiro.-** Unha vez analizada a documentación presentada, o informe do Xefe de Área Técnica de Montes Veciñais e as alegacións presentadas, obégnase ás seguintes conclusións:

1- Que a parcela **A Cerradiña**, de 0,1558 has. de superficie, ten arborado novo e está situada á beira do mar. Parte da súa superficie aparece con titularidade catastral particular. Segundo a Comunidade de Montes, ten aproveitamento de mato, leñas e madeira polos veciños. Presenta certificación do secretario de que a cuadrilla da Comunidade de Montes realiza periodicamente labores de roza nesta parcela e tamén copia de solicitude de corta en 2011. No informe preceptivo consta que *"... aparece poblada por matornal de retamo, helecho y zarza, píceas sueltas de pino y un píce de pino de mayores dimensiones, presenta abundante regeneración de eucalipto. En el momento de la inspección se aprecian restos de corta."* Considérase probado o aproveitamento veciñal da parcela.

2- Que a parcela **A Granxa**, de 0,1354 has. de superficie, aparece con titularidade catastral particular en parte da súa extensión. A Comunidade de Montes de Domaio alega que está dedicada





a toxos aproveitados para esquilmos polos veciños e presenta certificación do secretario da Comunidade de que a cuadrilla realiza ás veces labores de roza na parcela, pero na súa visita, o instructor atopouna sen limpar desde hai anos, ratificando o informe preceptivo que informa de que está *"poblada con latices de encalpto y matorral de zarza, retama y acacia. No presenta señales de uso"*. Non se considera probado o aproveitamento veciñal da parcela.

3- Que a parcela **Carroque-Pedra Negra**, de 0,6753 has. está dividida en dúas parcelas, de 0,2037 e de 0,4716 has. de superficie, separadas polo Corredor do Morrazo. Está arborada e dedicada, segundo a Comunidade de Montes de Domaio, a uso veciñal actual de recreo con denominación de Poza da Mouna. A Comunidade presenta certificación do secretario de que a súa cuadrilla realiza periodicamente labores de roza na parcela. No informe do Técnico de Montes Veciñais consta que *"la parcela norte está ocupada por molinos y atravesada por sendas y conductos de agua abiertos... Suelo poco profundo con afloramientos rocosos. Raza con regenerado de pino disperso. No presenta señales de uso. La parcela sur... tiene suelo de pendiente fuerte atravesada por caminos forestal. Poblado por fustal claro de encalpto y pino con abundante regenerado de ambas especies"*. Con titularidade catastral particular en parte da superficie, non se considera suficientemente probado o aproveitamento veciñal da parcela.

4- Que a parcela **Casrregueira**, de 0,6911 has. de superficie, está atravesada por estrada asfaltada e poboada por árbores coidadas. Ten atribuída titularidade catastral particular en parte da súa extensión. A Comunidade de Montes aduce que o seu uso tradicional era a produción de leñas e pastos, e agora é limpada pola súa propia cuadrilla para a prevención de incendios e o seu uso recreativo, en apoio do cal presenta certificación do seu secretario, aporte fotográfico e copia do Plan de cortas do ano 2012 presentado na Xunta de Galicia no que se inclúe esta parcela. O informe preceptivo recolle que *"presenta ruinas de edificaciones en piedra. Terreno de pendiente fuerte parcialmente raso bordeado de fustal de encalpto con rotobosque de acacia, laurel y frondosas al borde de arroyo, en raso matorral de tojo y beledro. Presencia de tocones de encalpto tratados con herbicida y desbroza"*. Considérase probado o uso veciñal da parcela.

5- Que a parcela **Cruceiro**, de 0,4972 has. de superficie total, está repartida en tres subparcelas: Cruceiro 1 de 0,0673, Cruceiro 2 de 0,0723 e Cruceiro 3 de 0,3576 has. Están dedicadas a mato e con penedos. Teñen atribuída titularidade catastral particular en parte da superficie. A Comunidade de Montes alega un aproveitamento tradicional de madeiras, leñas, pastos e esquilmos, que se manteñen. Presenta unha certificación do secretario de que a súa cuadrilla realiza periodicamente labores de roza.

O informe do Técnico de Montes Veciñais fai constar que esta parcela é *"valiente con superficie ya clasificada y está dividida en tres subparcelas. La situada más al norte aparece cubierta por abundantes afloramientos rocosos, con pies de roble plantados... está desbrozada en el momento de la inspección. La subparcela situada más al este es un raso con pies dispersos de encalpto y pino. La subparcela situada más al oeste, en terreno con pendiente media, está poblada de latigal denso de encalpto."* Considérase probado o aproveitamento veciñal da parcela.

6- Que a parcela **Fontán**, de 0,2256 has. de superficie total, está dividida en dúas subparcelas: Fontán norte de 0,1695 has. e Fontán sur de 0,0561 has. Ten atribuída titularidade catastral particular en parte da superficie. A subparcela norte é unha franxa en pendente entre a

estrada arriba e o camiño abaixo. Segundo a Comunidade de Montes de Domaio, aquí continúa o tradicional aproveitamento de leñas e esquilmos e a Comunidade de Montes realiza periódicas rozas, en apoio do que presenta certificación do secretario e copia da denuncia presentada en 1992 perante a Xunta de Galicia contra dous particulares por movementos de terra nesta parcela. No informe preceptivo consta que *"sobre terreno de fuerte pendiente, está poblada parcialmente por un rodal de eucalipto, quedando el resto de la subparcela a matorral de retama, zarza y helecho, no se observan señales de uso"*. Sen embargo, na ortofoto do Sispac esta parcela está limpa, así como na ortofoto do apéndice topográfico presentado pola Comunidade de Montes.

Na subparcela sur, segundo o alegado pola Comunidade, existe un antigo cocedeiro de marisco arrendado polos seus propietarios desde hai moitos anos ao Concello de Moaña. O informe do Servizo de Montes engade que *"incluye edificación, cercado intermedio, caminos de acceso a edificación, poste de tendido eléctrico y telefónico. Sobre terreno de pendiente media, forestalmente está rara con matorral de zarza y plantas ornamentales"*. Considérase probado o aproveitamento veciñal da subparcela Fontán norte, pero non da subparcela Fontán Sur.

7- Que a parcela **Fontesalgueiro**, de 0,2740 has. de superficie, é unha franxa estreita entre o monte veciñal clasificado e os matos particulares, percorrido por unha pista forestal. Como o resto do terreo veciñal, a Comunidade de Montes de Domaio atribúelle produción forestal, leñas pastos e esquilmos, presentando certificación do secretario dos traballos realizados. O Informe do Técnico de Montes Veciñais fai constar que o terreo é unha *"estrecha franja de terreno a lo largo de una senda en terreno con fuerte pendiente con afloramientos rocosos sobre el que se asienta un regenerado de pino irregular y zonas raras. Es colindante con terreno clasificado"*. Considérase probado o aproveitamento veciñal da parcela.

8- Que a parcela **Laxe da Costa-Pumariño**, de 0,2187 has. de superficie total, está repartida en dúas subparcelas: unha ao norte, Laxe da Costa, dividida á súa vez en dúas partes por unha vía pública asfaltada, contén un lavadoiro e un muíño. A subparcela sur, Pumariño, está dedicada a pasto. Atribuída titularidade catastral particular en parte da superficie. Segundo a memoria presentada, estas parcelas teñen tradicionalmente uso social, cun lavadoiro e un vello muíño, e está regularmente rozado pola Comunidade de Montes. Os veciños úsano para pastoreo de gando menor, aproveitamento que aínda se mantén coa participación da Comunidade de Montes, que limpa as zonas que os veciños non aproveitan, en apoio da cal presenta certificación do secretario e apoete fotográfico. Pola súa parte, o informe preceptivo recolle que se trata do *"entorno inmediato a una carretera asfaltada que queda incluida en la superficie propuesta, así como lavadero, molino, muro y accesos a las propiedades privadas colindantes. Terreno raso con matorral de zarza y pice sueltas sin matorrales y roble"*.

Un particular pide presentarse no expediente e no período de alegacións presenta escrito manifestando que a parcela denominada Pumariño é da súa propiedade, que sempre a coidou e limpou. Non presenta ningún documento, soamente un esbozo cos lindes da súa suposta parcela. Considérase probado o aproveitamento veciñal da subparcela Laxe da Costa, pero non se considera suficientemente probado o aproveitamento veciñal da subparcela denominada Pumariño.

9- Que a parcela **Liñares-Barreiros**, de 3,8392 has. de superficie, está dedicada á mato arborado e ten atribuída titularidade catastral particular en parte da superficie. A Comunidade de Montes declara a parcela con produción actual forestal de arborado con aproveitamento dos veciños de leñas e madeiras, para o cal presenta certificación do secretario de que a súa cuadrilla realiza nela periodicamente labores de limpeza. No informe do Técnico de Montes Veciñais consta que está *"atravesada por tendido eléctrico y tendido telefónico. La mitad sur de la parcela está poblada por mata en fustal de pino con matorral de zarza y retama, el resto de la parcela tiene abundantes afloramientos rocosos y cubierta"*





*por masa clara de eucalipto en mezcla de edades y matornal de tojo y brezo. Es colindante con monte ya clasificado".* Considérase probado o aproveitamento veciñal da parcela.

10- Que a parcela **Outeiro da Portela**, de 0,0511 has. de superficie, é un pequeno mato con rexenerado de piñeiro e ten atribuída titularidade catastral particular en parte da súa extensión. A Comunidade de Montes declara un uso tradicional de secado de peles e que realiza rozas no seu acceso e interior, presentando certificación do secretario do traballo da cuadrilla nesta parcela. No informe preceptivo consta que está *"atravesada por dúas pistas de saia paralelas en derroa... Suelo pouco profundo, poblado por regenerado de eucalipto y pino con pies sueltos de roble, no se observan señales de uso actual."* A Comunidade de Montes presenta copia de escritura de propiedade particular lindante, na que se especifica que a citada parcela linda con monte común; e tamén copia de requirimento escrito realizado a un propietario particular que colocou postes no monte coa intención de impedir o acceso a esta parcela veciñal. Considérase probado o aproveitamento veciñal da parcela.

11- Que a parcela **Paradela**, de 0,6778 has. de superficie, é un mato arborado á beira do río e con muíños. Con titularidade catastral particular en parte da superficie. A Comunidade de Montes informa de que tiña un uso tradicional de leñas e pastos, pero ao conter varios muíños en recuperación polo Concello de Moaña e en colaboración coa Comunidade de Montes e a Asociación de Veciños, o uso forestal decae a favor do socio-recreativo. Presenta certificación do secretario de que a súa cuadrilla realiza periodicamente labores de limpeza na parcela, con aporte fotográfico. O informe do Técnico de Montes Veciñais recolle que *"está atravesada por pista de saia y ocupa las laderas con pendiente fuerte hacia rivera que la atraviesa; está poblada por forestal de eucalipto con pies de pino y por ramos y frescos en riveras. Colindante con terreno clasificado"*. Non se considera suficientemente probado o aproveitamento veciñal da parcela.

12- Que a parcela **Prado Calvar**, de 0,0186 has. é un terreo a prado cun lavadoiro e unha fonte. A Comunidade de Montes alega que ten un lavadoiro de uso tradicional do común dos

veciños e un pequeno terreo ocupado por herbas e fentos rozado por ela, polo que presenta certificación do secretario de que a súa cuadrilla realiza periodicamente ese traballo na parcela. No informe do Técnico de Montes Veciñais soamente se fai constar que *"es el prado inmediato a un lavadero público"*. Considérase probado o aproveitamento veciñal da parcela.

13- Que a parcela **Prado Palmás**, de 0,0043 has., é un pequeno terreo con lavadoiro e fonte, lindante con parcela da Comunidade de Montes. Esta informa que o lavadoiro e a fonte son de uso tradicional dos veciños e o terreo é limpo pola propia comunidade, presentando certificado do secretario nese sentido. O informe preceptivo limitase a facer constar que *"es estrictamente un lavadero público de titularidad catastral municipal."* Considérase probado o aproveitamento veciñal da parcela.

14- Que a parcela **Río do Bazo**, de 0,0533 has. de superficie é un terreo dividido en dous anacos, ambos á beira dun regueiro. No anaco maior foron construídos algúns garaxes e ten titularidade catastral particular en parte da superficie. A Comunidade de Montes informa que estas parcelas foron usadas sempre para pastoreo de gando menor e esquilines, manténdose hoxe en día;

e alega que é a propia comunidade a que realiza habitualmente a limpeza da parcela", presentándose certificación do secretario de que a súa cuadrilla da CM é a que fai estes labores. O informe do Servizo de Montes describe como *"Andante con curso de agua, está dividida en dos subparcelas... La situada más al norte está atravesada por caminos de servicio y vía de acceso a garajes y contiene restos de un edificio. Poblada por vegetación ruderal herbácea. La subparcela situada más al sur es un pequeño margen que contiene los restos de una edificación."*

Non se considera suficientemente probado o aproveitamento veciñal da parcela.

15- Que a parcela **San Lorenzo**, de 0,3214 has. de superficie, é un terreo a mato con carballos novos e pés de eucalipto. A Comunidade de Montes declara dedícalo a carballo e toxo, que os veciños utilizan ás veces para obter leñas, pastos e esquilmes, mesmo hoxe en día, para o que presentan certificación do secretario de que a cuadrilla da comunidade roza esta parcela. O informe do Técnico de Montes Veciñais fai constar que está *"unida a carretera por una senda y poblada de jústal de eucalipto y pés de robles."* Considérase probado o aproveitamento veciñal da parcela.

16- Que a parcela **Souto**, de 0,2487 has. de superficie, é un terreo á beira da estrada dedicada a uso socio-recreativo, con titularidade catastral particular en parte da superficie. A Comunidade declara un uso tradicional de leñas, pastos e esquilmes e actualmente uso socio-recreativo. Presenta certificación do secretario de que a cuadrilla da comunidade realiza periodicamente nela labores de limpeza. O informe do Técnico do Servizo de Montes preséntaa como *"zona ajardinada que incluye un lavadero, abanicos y carretera asfaltada que la atraviesa, contiene también mobiliario urbano (banco, farolas). Atravesada por río, poblada por sauces, fresnos, robles, sauces, plantación de camellos y esped. Se observan tratamiento de mantenimiento de jardinería, podas y siegas de esped."* Considérase probado o uso veciñal da parcela.

17- Que a parcela **Viduido**, de 0,9724 has. de superficie, é un mato a piñeiro e eucalipto, con restos de corta e con titularidade catastral particular en parte da superficie. Dividida en tres anacos por estrada asfaltada e camiños públicos. Segundo a Comunidade de Montes, ten un uso tradicional de leñas, pastos e esquilmos, con predominio actual de uso forestal e con traballos silvícolas da Comunidade de Montes, presentando neste sentido certificación do secretario. O informe preceptivo recolle que *"está atravesada por dos carreteras y un camino... Se prolonga al interior del núcleo rural en un cruce de caminos y taludes inmediatos a ellos... está poblada por masa mixta de jústales de eucalipto y pino en la zona más al sur y masa pura de eucaliptos al norte. Es colindante con monte ya clarificado"*. Considérase probado o uso veciñal da parcela.

18- Que a parcela **Baliela**, de 0,7990 has. de superficie, está dividida en dúas subparcelas, separadas por un tramo inutilizado da estrada xeral. A subparcela norte é un pequeno outeiro e a sur unha valgada e parte do aparcadoiro dunha nave. A Comunidade de Montes declara que a subparcela norte está ocupada por eucalipto con matogueira de toxo e a subparcela sur está ocupada actualmente pola Factoría de Fandicosta por arrendamento da Comunidade de Montes. Presenta escritura notarial de 13-03-2000 de arrendamento da parcela a Factoría de Fandicosta e certificación do secretario da comunidade de que a súa cuadrilla limpa regularmente a parcela norte. O informe do Técnico do Servizo de Montes describe que está *"dividida en dos subparcelas, la más al norte es el margen entre una curva rectificadora de la carretera y su acceso trazado, con afloramiento rocoso poblado por monte bravo de eucalipto y dos acacias. La subparcela más al sur se sitúa sobre zona industrial, cerca del cerrado de la empresa Fandicosta. Parcialmente poblada por eucalipto y acacia."* No Rexistro da propiedade aparece formando parte dunha parcela da Comunidade de Montes de Domaio. Considérase probado o aproveitamento veciñal da parcela.





19- Que a parcela **Regueiriño**, de 0,6495 has. de superficie, é unha zona a mato á beira do mar. A Comunidade de Montes informa que actualmente está ocupada en parte pola Factoría de Varaderos Domaio e o acceso á mesma por arrendamento da propia comunidade. Presenta escritura notarial de 13-03-2000 de arrendamento da parcela a Factoría Molares Montenegro, informada favorablemente pola Consellería de Medio Ambiente o 18-02-2000; tamén presenta certificación do secretario da comunidade de montes de que a súa cuadrilla roza ás veces a parte da parcela dedicada a mato. O informe do Técnico de Montes Veciñais sinala que está *"atravesada por vial de acceso a instalación industrial, aparcamiento asfaltado y senda. Situada parcialmente sobre parcela con titularidad catastral de la CM de Domaio, es colindante con terreno ya clasificado a esta comunidad. Poblada en parte por latizal-frutal de eucalipto denso con pies de acacia negra"*. No rexistro da propiedade aparece formando parte dunha parcela da Comunidade de Montes de Domaio. Considérase probado o aproveitamento veciñal da parcela.

20- Que a parcela **Borna**, de 0,8453 has. de superficie, é un mato en costa que baixa á praia do mesmo nome. Ten atribuída a titularidade catastral á Comunidade de Montes de Domaio, que declara na parte alta un aproveitamento forestal de pinus pinaster e eucalipto. Presenta copia do escrito do Concello dirixido á Comunidade en relación a esta parcela solicitando autorización para a instalación de ascos e casetas, así como copia do acordo da Asemblea Xeral da Comunidade de 1986 autorizando a instalación dun quiosco nesta parcela. O informe preceptivo fai constar que *"ocupa una parcela con titularidad catastral de la Comunidad de Montes de Domaio. Sobre terreno de fuerte pendiente, poblada por masa clara de eucalipto con pies de pino y acacia y zonas abiertas de cañareal y zarzal."* No Rexistro da propiedade aparece a nome do Concello de Moaña. Considérase probado o aproveitamento veciñal da parcela.

Xa no remate do prazo de alegacións, a CM Meira presenta escrito solicitando opoñerse á clasificación desta parcela por ser aproveitada polos veciños de Meira, solicita copia do expediente e a prórroga do período alegacións, que lle é denegado. Non presenta documentación algunha, soamente alega que a parroquia de Meira chega ata Punta Fondón, o que contradí o recollido no esbozo da carpeta ficha e na planimetría aportada pola Comunidade de Montes de Domaio.

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instrutor e o Xurado acorda por unanimidade dos seus membros:


**CLASIFICAR** como veciñais en man común a favor dos veciños da CMVMC de Domaio ( Moaña) as parcelas denominadas: A Cerradiña, Casregueira, Cruceiro, Fontán Norte, Fontesalgueiro, Laxe da Costa, Liñares-Barceiros, Outeiro da Portela, Prado Calvar, Prado Palmás, San Lourenzo, Souto, Viduido, Baliela, Regueiriño e Borna por reunir os requisitos esixidos no artigo 1 da Lei 13/1989, de acordo coa descrición reflectida no Antecedente de Feito Terceiro e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable



da presente resolución, e **NON CLASIFICAR** como veciñais en man común as parcelas denominadas: **A Granxa, Carroque-Pedra Negra, Fontán Sur, Pumariño, Paradela e Río do Bazo**, polos motivos anteriormente expostos.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente publicación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.





Parcela a clasificar  
Superficie = 0,1558 ha

| Punto | Coordenada X | Coordenada Y |
|-------|--------------|--------------|
| 1     | 525537.4992  | 4680981.7245 |
| 2     | 525541.8115  | 4680959.8010 |
| 3     | 525549.5393  | 4680948.2125 |
| 4     | 525561.5403  | 4680946.8557 |
| 5     | 525569.7605  | 4680932.0394 |
| 6     | 525581.9771  | 4680919.0313 |
| 7     | 525595.8747  | 4680941.9338 |
| 8     | 525537.4992  | 4680981.7245 |
| 9     | 525567.9803  | 4680965.8496 |
| 10    | 525559.8629  | 4680975.8638 |
| 11    | 525555.1417  | 4680988.7762 |
| 12    | 525546.4336  | 4680983.7682 |



A produción  
cartográfica  
realizouse en  
ETRS89



Data: Xullo 2015  
Escala: 1/1.000

Nº de plano  
01 de 16


CLASIFICACIÓN DOS MONTES DENOMINADOS  
"CERRADIÑA E OUTROS"  
Parcela: A Cerradiña

CMVMC DE DOMAIO. PARROQUIA DE  
DOMAIO. CONCELLO DE MOAÑA



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR  
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PORTEVEDRA





A produción  
cartográfica  
realizouse en  
ETRS89



Data: Xullo 2015

Escala: 1/1.000

Nº de plano  
**02 de 16**

CLASIFICACIÓN DOS MONTES DENOMINADOS  
"CERRADIÑA E OUTROS"


Parcela: **Casrregueira**

CMVMC DE DOMAIO. PARROQUIA DE  
DOMAIO. CONCELLO DE MOAÑA



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR  
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA














A produción  
cartográfica  
realizouse en  
ETRS89



Data: Xullo 2015  
Escala: 1/1.000

Nº de plano  
05 de 16

CLASIFICACIÓN DOS MONTES DENOMINADOS  
"CERRADIÑA E OUTROS"

Parcela: Fontesalgueiro

CMVMC DE DOMAIO. PARROQUIA DE  
DOMAIO. CONCELLO DE MOAÑA





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR  
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA









Parcela a clasificar  
Superficie = 3,8392 ha

| Punto | Coordenada X | Coordenada Y |
|-------|--------------|--------------|
| 1     | 526872.8334  | 4682524.1038 |
| 2     | 526871.3257  | 4682521.7640 |
| 3     | 526862.7144  | 4682506.3562 |
| 4     | 526857.1258  | 4682498.6552 |
| 5     | 526844.4953  | 4682490.1995 |
| 6     | 526841.6646  | 4682489.3017 |
| 7     | 526830.9959  | 4682485.1785 |
| 8     | 526828.3274  | 4682478.0899 |
| 9     | 526819.0137  | 4682466.3363 |
| 10    | 526811.4675  | 4682465.5215 |
| 11    | 526802.3182  | 4682461.0824 |
| 12    | 526800.6378  | 4682449.4613 |
| 13    | 526801.7404  | 4682429.3715 |
| 14    | 526792.0192  | 4682421.6489 |
| 15    | 526723.8571  | 4682547.6198 |
| 16    | 526744.2034  | 4682560.1777 |
| 17    | 526741.4479  | 4682576.5170 |
| 18    | 526735.1494  | 4682582.3666 |
| 19    | 526722.6975  | 4682574.9968 |
| 20    | 526719.1232  | 4682579.0215 |
| 21    | 526708.9326  | 4682572.9534 |
| 22    | 526708.2312  | 4682575.0083 |
| 23    | 526713.2091  | 4682578.5391 |
| 24    | 526714.5763  | 4682581.9298 |
| 25    | 526715.1557  | 4682586.0052 |
| 26    | 526712.2085  | 4682604.2374 |
| 27    | 526710.4239  | 4682612.8302 |
| 28    | 526710.4457  | 4682617.4748 |
| 29    | 526712.2374  | 4682626.8126 |
| 30    | 526712.1543  | 4682627.2690 |
| 31    | 526711.3408  | 4682635.5163 |
| 32    | 526705.2902  | 4682648.2437 |
| 33    | 526697.0505  | 4682660.4945 |
| 34    | 526689.6254  | 4682664.6503 |
| 35    | 526665.3933  | 4682679.5432 |
| 36    | 526650.4412  | 4682683.9311 |
| 37    | 526650.7502  | 4682687.1596 |
| 38    | 526648.4709  | 4682692.3762 |
| 39    | 526649.4116  | 4682720.0631 |
| 40    | 526644.9431  | 4682738.3823 |
| 41    | 526634.3972  | 4682757.3687 |
| 42    | 526638.9664  | 4682758.0039 |

| Punto | Coordenada X | Coordenada Y |
|-------|--------------|--------------|
| 43    | 526634.8617  | 4682785.8365 |
| 44    | 526622.2251  | 4682798.0421 |
| 45    | 526622.6349  | 4682815.0259 |
| 46    | 526619.4716  | 4682826.3163 |
| 47    | 526618.4957  | 4682839.0841 |
| 48    | 526616.2027  | 4682849.0555 |
| 49    | 526614.1893  | 4682861.0670 |
| 50    | 526615.6937  | 4682864.2732 |
| 51    | 526618.2943  | 4682869.8294 |
| 52    | 526633.7775  | 4682858.1441 |
| 53    | 526650.7705  | 4682845.3226 |
| 54    | 526665.6962  | 4682832.1582 |
| 55    | 526689.1453  | 4682812.7102 |
| 56    | 526706.5832  | 4682798.5903 |
| 57    | 526717.5408  | 4682789.3618 |
| 58    | 526732.7382  | 4682774.8319 |
| 59    | 526732.7862  | 4682773.0729 |
| 60    | 526731.6298  | 4682757.9740 |
| 61    | 526731.0602  | 4682743.1049 |
| 62    | 526768.0482  | 4682664.0529 |
| 63    | 526780.5492  | 4682659.9769 |
| 64    | 526811.5472  | 4682642.5529 |
| 65    | 526821.0872  | 4682626.4109 |
| 66    | 526828.8045  | 4682616.7375 |
| 67    | 526831.5010  | 4682609.9522 |
| 68    | 526842.3744  | 4682585.8542 |
| 69    | 526846.6789  | 4682576.5465 |
| 70    | 526853.4258  | 4682567.8258 |
| 71    | 526862.1953  | 4682554.2660 |
| 72    | 526853.1872  | 4682541.0449 |
| 73    | 526871.8102  | 4682524.4989 |



A produción  
cartográfica  
realizouse en  
ETRS89



Data: Xullo 2015

Escala: 1/2.000

Nº de plano

07 de 16

CLASIFICACIÓN DOS MONTES DENOMINADOS  
"CERRADIÑA E OUTROS"



Parcela: Liñares-Barreiros

CMVMC DE DOMAIO. PARROQUIA DE  
DOMAIO. CONCELLO DE MOAÑA



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR  
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA





Parcela a clasificar  
Superficie = 0,0511 ha

| Punto | Coordenada X | Coordenada Y |
|-------|--------------|--------------|
| 1     | 525250.1793  | 4681033.8491 |
| 2     | 525249.2483  | 4681032.1904 |
| 3     | 525246.0455  | 4681015.6659 |
| 4     | 525250.9982  | 4681008.6775 |
| 5     | 525236.6470  | 4681004.7276 |
| 6     | 525236.6233  | 4681010.9915 |
| 7     | 525227.4186  | 4681026.5438 |
| 8     | 525231.1395  | 4681028.5048 |
| 9     | 525230.6443  | 4681038.3564 |
| 10    | 525234.6783  | 4681039.0633 |
| 11    | 525248.2989  | 4681037.1073 |



A produción  
cartográfica  
realizouse en  
ETRS89



Data: Xullo 2015  
Escala: 1/1.000

Nº de plano  
08 de 16

CLASIFICACIÓN DOS MONTES DENOMINADOS  
"CERRADIÑA E OUTROS"


Parcela: Outeiro da Portela

CMVMC DE DOMAIO. PARROQUIA DE  
DOMAIO. CONCELLO DE MOAÑA



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR  
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA





A produción  
cartográfica  
realizouse en  
ETRS89



Data: Xullo 2015

Escala: 1/1.000

Nº de plano

09 de 16

CLASIFICACIÓN DOS MONTES DENOMINADOS  
"CERRADIÑA E OUTROS"



Parcela: Prado Calvar

CMVMC DE DOMAIO. PARROQUIA DE  
DOMAIO. CONCELLO DE MOAÑA



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR  
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA






Parcela a clasificar  
Superficie = 0,0043

| Punto | Coordenada X | Coordenada Y |
|-------|--------------|--------------|
| 1     | 526026.1253  | 4681552.7060 |
| 2     | 526025.1923  | 4681552.0375 |
| 3     | 526018.5668  | 4681555.0848 |
| 4     | 526020.4383  | 4681562.8711 |
| 5     | 526022.4097  | 4681561.4216 |
| 6     | 526025.2387  | 4681557.7135 |
| 7     | 526024.0459  | 4681556.6253 |



A produción  
cartográfica  
realizouse en  
ETRS89



Data: Xullo 2015  
Escala: 1/1.000

Nº de plano  
10 de 16

CLASIFICACIÓN DOS MONTES DENOMINADOS  
"CERRADIÑA E OUTROS"


Parcela: Prado Palmás

CMVMC DE DOMAIO. PARROQUIA DE  
DOMAIO. CONCELLO DE MOAÑA



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR  
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA





| Punto | Coordenada X | Coordenada Y |
|-------|--------------|--------------|
| 1     | 525626.3017  | 4683622.4848 |
| 2     | 525625.2546  | 4683622.4812 |
| 3     | 525619.2475  | 4683628.4239 |
| 4     | 525619.6269  | 4683633.7949 |
| 5     | 525617.9322  | 4683634.0497 |
| 6     | 525612.3702  | 4683629.7235 |
| 7     | 525603.7382  | 4683636.2001 |
| 8     | 525583.8622  | 4683641.2304 |
| 9     | 525586.9094  | 4683650.3308 |
| 10    | 525587.4313  | 4683673.1537 |
| 11    | 525590.3279  | 4683677.0652 |
| 12    | 525605.6668  | 4683673.0014 |
| 13    | 525614.5504  | 4683663.2789 |
| 14    | 525619.9090  | 4683657.1284 |
| 15    | 525622.4688  | 4683684.7037 |
| 16    | 525621.3365  | 4683692.9637 |
| 17    | 525630.4415  | 4683692.7713 |
| 18    | 525634.1957  | 4683698.1441 |
| 19    | 525635.7213  | 4683698.9605 |
| 20    | 525640.9007  | 4683923.6878 |
| 21    | 525636.9456  | 4683925.9295 |
| 22    | 525640.5263  | 4683943.0429 |
| 23    | 525644.9269  | 4683971.6727 |
| 24    | 525643.8686  | 4683980.5656 |
| 25    | 525642.3709  | 4683983.6837 |
| 26    | 525633.4575  | 4683989.0557 |
| 27    | 525645.7358  | 4684024.3417 |
| 28    | 525647.6269  | 4684005.9070 |
| 29    | 525648.9486  | 4683993.3601 |
| 30    | 525650.3090  | 4683981.9654 |
| 31    | 525652.5570  | 4683965.7662 |
| 32    | 525648.2899  | 4683944.4810 |
| 33    | 525646.1664  | 4683933.2769 |
| 34    | 525646.1744  | 4683921.4867 |
| 35    | 525644.7682  | 4683915.3629 |
| 36    | 525659.7888  | 4683914.0363 |
| 37    | 525645.8287  | 4683908.8191 |
| 38    | 525642.7296  | 4683899.1718 |
| 39    | 525642.4694  | 4683893.5962 |
| 40    | 525635.4999  | 4683886.1159 |



A produción cartográfica realizouse en ETRS89



Data: Xullo 2015

Escala: 1/1.000

Nº de plano  
11 de 16

CLASIFICACIÓN DOS MONTES DENOMINADOS  
"CERRADIÑA E OUTROS"


Parcela: San Lourenzo

CMVMC DE DOMAIO. PARROQUIA DE  
DOMAIO. CONCELLO DE MOAÑA



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR  
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA





A produción  
cartográfica  
realizouse en  
ETRS89



Data: Xullo 2015  
Escala: 1/1.000

Nº de plano  
12 de 16

CLASIFICACIÓN DOS MONTES DENOMINADOS  
"CERRADIÑA E OUTROS"


Parcela: Souto

CMVMC DE DOMAIO. PARROQUIA DE  
DOMAIO. CONCELLO DE MOAÑA



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR  
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA






Parcela a clasificar  
Superficie = 0,9724 ha

| Punto | Coordenada X | Coordenada Y |
|-------|--------------|--------------|
| 1     | 525143.7044  | 4682874.8403 |
| 2     | 525142.7462  | 4682876.8689 |
| 3     | 525126.9083  | 4682937.0226 |
| 4     | 525121.8643  | 4682963.8602 |
| 5     | 525111.3811  | 4682981.2828 |
| 6     | 525104.2007  | 4682997.5014 |
| 7     | 525103.3983  | 4683004.2976 |
| 8     | 525118.9357  | 4683004.9254 |
| 9     | 525127.6301  | 4682997.3481 |
| 10    | 525145.2943  | 4682985.2895 |
| 11    | 525145.5033  | 4682981.0627 |
| 12    | 525147.8295  | 4682980.4453 |
| 13    | 525151.1414  | 4682984.0620 |
| 14    | 525164.9320  | 4682973.9889 |
| 15    | 525180.4759  | 4682964.1987 |
| 16    | 525183.5984  | 4682963.1782 |
| 17    | 525178.6476  | 4682946.0307 |
| 18    | 525177.6458  | 4682946.1702 |
| 19    | 525143.5870  | 4682942.7694 |
| 20    | 525145.0359  | 4682938.8466 |
| 21    | 525149.3143  | 4682924.2255 |
| 22    | 525158.3580  | 4682907.2119 |
| 23    | 525164.0787  | 4682899.4503 |
| 24    | 525174.7379  | 4682887.7743 |
| 25    | 525174.7983  | 4682883.1110 |
| 26    | 525183.0485  | 4682885.2477 |
| 27    | 525187.5648  | 4682890.3168 |
| 28    | 525188.4370  | 4682892.2039 |
| 29    | 525191.2634  | 4682891.3068 |
| 30    | 525194.7380  | 4682903.2781 |
| 31    | 525192.3607  | 4682905.0804 |
| 32    | 525194.4686  | 4682913.8939 |
| 33    | 525199.6382  | 4682929.8863 |
| 34    | 525202.3828  | 4682928.6439 |
| 35    | 525201.2128  | 4682921.5823 |
| 36    | 525199.0561  | 4682905.3719 |
| 37    | 525202.8286  | 4682899.5519 |
| 38    | 525206.2737  | 4682889.6833 |
| 39    | 525211.8093  | 4682883.9717 |
| 40    | 525218.7656  | 4682877.0395 |
| 41    | 525224.9187  | 4682856.3020 |
| 42    | 525226.2051  | 4682810.3415 |

| Punto | Coordenada X | Coordenada Y |
|-------|--------------|--------------|
| 44    | 525208.0240  | 4682748.8215 |
| 45    | 525206.8501  | 4682733.0417 |
| 46    | 525206.4388  | 4682729.3115 |
| 47    | 525201.3666  | 4682730.3511 |
| 48    | 525191.4192  | 4682731.3959 |
| 49    | 525187.9706  | 4682732.4303 |
| 50    | 525183.9388  | 4682733.9897 |
| 51    | 525182.1180  | 4682735.9389 |
| 52    | 525177.6354  | 4682745.0014 |
| 53    | 525165.8001  | 4682765.2733 |
| 54    | 525161.7683  | 4682773.3301 |
| 55    | 525153.4446  | 4682792.0426 |
| 56    | 525151.4991  | 4682800.6794 |
| 57    | 525164.0862  | 4682806.2609 |
| 58    | 525182.9502  | 4682828.2789 |
| 59    | 525189.0670  | 4682835.0697 |
| 60    | 525193.2378  | 4682848.6966 |
| 61    | 525193.1262  | 4682853.7469 |
| 62    | 525192.8062  | 4682862.1069 |
| 63    | 525187.4462  | 4682879.5469 |
| 64    | 525167.9362  | 4682881.7829 |
| 65    | 525166.6202  | 4682878.4129 |
| 66    | 525164.2732  | 4682877.0429 |
| 67    | 525158.5032  | 4682870.3329 |
| 68    | 525146.4927  | 4682860.9126 |
| 69    | 525204.9119  | 4682733.9413 |
| 70    | 525205.2848  | 4682754.1847 |
| 71    | 525204.4996  | 4682772.0347 |
| 72    | 525205.3487  | 4682809.6431 |
| 73    | 525196.7543  | 4682832.2502 |
| 74    | 525198.2533  | 4682840.1224 |
| 75    | 525207.3758  | 4682845.9081 |
| 76    | 525208.7739  | 4682858.7338 |
| 77    | 525212.9662  | 4682870.3543 |
| 78    | 525210.0561  | 4682882.9072 |
| 79    | 525216.9932  | 4682875.9825 |
| 80    | 525222.9271  | 4682855.9840 |
| 81    | 525224.1945  | 4682810.7023 |
| 81    | 525224.1945  | 4682810.7023 |
| 82    | 525207.8542  | 4682770.2688 |
| 83    | 525206.0305  | 4682748.9787 |



A produción  
cartográfica  
realizouse en  
ETRS89



Data: Xullo 2015

Escala: 1/2.000

Nº de plano

13 de 16

CLASIFICACIÓN DOS MONTES DENOMINADOS  
"CERRADIÑA E OUTROS"


Parcela: Viduido

CMVMC DE DOMAIO. PARROQUIA DE  
DOMAIO. CONCELLO DE MOAÑA



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR  
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA





Parcela a clasificar  
Superficie = 0,7990 ha

| Punto | Coordenada X | Coordenada Y |
|-------|--------------|--------------|
| 1     | 527403.8677  | 4682241.2882 |
| 2     | 527427.0506  | 4682235.9831 |
| 3     | 527420.2040  | 4682202.9401 |
| 4     | 527426.7352  | 4682216.8429 |
| 5     | 527442.9732  | 4682221.8339 |
| 6     | 527493.7762  | 4682210.6949 |
| 7     | 527525.3162  | 4682181.9819 |
| 8     | 527539.8352  | 4682178.3059 |
| 9     | 527549.7898  | 4682181.4095 |
| 10    | 527556.1058  | 4682221.7702 |
| 11    | 527551.0980  | 4682218.3056 |
| 12    | 527537.6134  | 4682219.7799 |
| 13    | 527523.8835  | 4682227.7728 |
| 14    | 527511.7988  | 4682237.9964 |
| 15    | 527500.1693  | 4682248.3064 |
| 16    | 527471.3921  | 4682268.9884 |
| 17    | 527455.2261  | 4682269.3470 |
| 18    | 527441.0455  | 4682287.1054 |
| 19    | 527417.6966  | 4682255.4046 |
| 20    | 527484.1730  | 4682268.4528 |
| 21    | 527499.0543  | 4682266.8855 |
| 22    | 527515.2443  | 4682264.5587 |
| 23    | 527533.4703  | 4682262.0381 |
| 24    | 527543.7466  | 4682261.2626 |
| 25    | 527580.3923  | 4682254.8641 |
| 26    | 527581.8465  | 4682253.3130 |
| 27    | 527575.2542  | 4682246.6237 |
| 28    | 527566.2972  | 4682239.6399 |
| 29    | 527559.6458  | 4682234.5054 |
| 30    | 527552.2779  | 4682229.6580 |
| 31    | 527546.6550  | 4682228.0100 |
| 32    | 527541.9046  | 4682227.7101 |
| 33    | 527536.0878  | 4682228.2038 |
| 34    | 527523.9895  | 4682235.0870 |
| 35    | 527514.4888  | 4682243.3275 |
| 36    | 527504.6772  | 4682253.6038 |
| 37    | 527492.4620  | 4682263.1045 |



A produción  
cartográfica  
realizouse en  
ETRS89



Data: Xullo 2015  
Escala: 1/1.000

Nº de plano  
14 de 16

CLASIFICACIÓN DOS MONTES DENOMINADOS  
"CERRADIÑA E OUTROS"


Parcela: Baliela

CMVMC DE DOMAIO. PARROQUIA DE  
DOMAIO. CONCELLO DE MOAÑA




**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR  
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA













O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

## ASISTENTES

### PRESIDENTE

Antonio Crespo Iglesias  
(Xefe Territorial)

### VOGAIS

Analía Elsa Pazos Pintos  
(Xefa do Servizo de Montes)

X. Carlos Morgade Martínez  
(Representante das CMVMC da provincia de Pontevedra)

Víctor Abelleira Argilay  
(Representante do colexio de avogados da provincia)

Lorena Peiteado Pérez (Letrada da Xunta de Galicia)

### SECRETARIA

Ana Belén Fernández Dopazo (Funcionaria adscrita ao Servizo Xurídico Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17:00 horas do día 14/12/2016 coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do edificio administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladrada o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do **recurso de reposición** do expediente de clasificación dos montes denominados “**Cerradiña e outros**” da parroquia de Domaio, solicitados a favor dos veciños da **CMVMC de Domaio (Moaña)**.

### ANTECEDENTES DE FEITO:

**PRIMEIRO.-** Danse por reproducidas todas e cada un dos antecedentes de feito obrantes na resolución ditada polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra de data 30/06/2015.

**SEGUNDO.-** Contra a citada resolución, don Juan Santos Gómez como presidente e en representación da Comunidade de Montes de Domaio, en data 05/08/2015, presenta recurso de reposición contra a citada resolución no referente á non clasificación das parcelas A Gransa, Carroque-Pedra Negra, Fontán Sur, Pumarinho, Paradela e Río do Bazo, acompañando diversa documentación en apoio das súas alegacións.

**TERCEIRO.-** Con data 25/08/2015, dona Mª Mercedes Romero Verdeal, veciña de Domaio e propietaria dun mato denominado “As Pegadas” próximo a unha das parcelas clasificadas, reclama que se rectifique o linde sur da parcela “Láñares-Barreiros”, que alega ser a citada finca da súa propiedade e non máis terreo veciñal da Comunidade de Montes de Domaio, como se recolle na resolución. Presenta planos e diversa documentación en apoio da súa alegación.



**CUARTO.-** Contra a anterior reclamación, a Comunidade de Montes de Domaio presenta fotografías e planos catastrais, alegando que a citada finca da reclamante non é lindeira coa parcela clasificada "Liñares-Barreiros", senón que entre ambas dúas parcelas hai outra parcela veciñal xa clasificada, polo cal entende que é correcta a descrición dos lindes da resolución e que esta non afecta ao mato de M<sup>a</sup> Mercedes Romero Verdeal.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.** O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para resolver os recursos de reposición que se interpoñan fronte as súas resolucións de acordo co preceptuado no artigo 116 da Lei 30/1992, así como o art. 12 da Lei 13/1989.

**SEGUNDO.** Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto de contrario por cumprir cos requisitos esixidos polo art. 117.1 da citada Lei 30/1992, no referente ás parcelas denominadas A Granxa, Carroque-Pedra Negra, Fontán Sur, Pumariño, Paradela e Río do Bazo.

**TERCEIRO.** No tocante á alegación presentada por dona M<sup>a</sup> Mercedes Romero Verdeal sobre a parcela "Liñares-Barreiros", unha vez examinados os planos aportados na súa reclamación e os presentados pola Comunidade de Montes de Domaio, e consultada a planimetría anexa á resolución, rexéitase a citada alegación tras comprobarse que o mato "As Pegadas" da recorrente non linda coa parcela "Liñares-Barreiros" clasificada, polo que a resolución de 30/06/2015 non afecta ao citado mato.

**CUARTO.** Sobre o recurso presentado pola Comunidade de Montes de Domaio e unha vez revisada a documentación presentada, resultan as seguintes consideracións sobre as parcelas recorridas:

**A Granxa.-** A resolución non considera suficientemente probado o aproveitamento actual desta parcela. A documentación presentada (fotografías dunha limpeza recente) non desvirtúan suficientemente tal consideración.

**Carroque-Pedra Negra.-** A Comunidade de Montes recorda ter presentado a certificación do seu secretario conforme esa parcela é limpada pola comunidade e presenta fotografías dunha limpeza recente. Ademais, presenta copia da acta previa de ocupación da Consellaría de Política Territorial, Obras públicas e Vivenda de 16/10/2002 pertencente ao expediente de expropiación forzosa para a construción da Vía de Alta Capacidade do Morrazo, acompañada do plano parcelario da obra, no que se recolle que os lindes Norte e Sur da parcela expropiada á Comunidade de Montes de Domaio son parcelas pertencentes á mesma e corresponden ás citadas subparcelas "Carroque" e "Pedra Negra". Tamén presenta certificación do secretario da Asociación de Veciños "Monte Faro" de Domaio do acordo tomado en Asemblea Xeral celebrada o 17/10/2004 no que se reclama á Comunidade de Montes a que deslinde e incorpore ao patrimonio veciñal algunhas parcelas que están sufrindo intentos de apropiación por parte de particulares. Entre estas parcelas está "Pedra Negra". Considérase acreditado o carácter veciñal destas dúas parcelas.





**Fontán Sur.-** Esta parcela pódese dividir en dúas subparcelas: a primeira (A) é un terreo aberto, de 460 m<sup>2</sup> aprox., descrito no informe do Servizo de Montes como "terreno de pendente media, forestalmente está raso con matorral de zarza... inclúe camino de acceso a edificación, postes de tendido eléctrico y telefónico". A segunda (B) é un terreo de 100 m<sup>2</sup> aprox., cerrado con peche metálico diáfano e ocupado por unha edificación dedicada primeiro a cocedeiro de marisco e hoxe habilitada como viveenda. A Comunidade de Montes presenta copia do escrito presentado en 1992 diante da Xunta de Galicia denunciando a dous veciños por vertidos de terra nesta parcela e escrito de 28/04/2000 do ocupante da edificación do antigo cocedeiro proponendo a permuta do terreo ocupado por outra parcela da súa propiedade e de semellante extensión. Estudada a documentación, considérase acreditado o carácter veciñal da subparcela A, pero non acreditada a da subparcela B ocupada pola edificación, pois a proposta de permuta, indicio importante do carácter veciñal do terreo, por si soa non supón proba inequívoca dese carácter.

**Pumariño.-** A Comunidade de Montes recorda ter presentado a certificación do seu secretario conforme esa parcela é limpada pola comunidade e ter presentado fotografías que o acreditan. Pola súa parte, a certificación antes citada do secretario da Asociación de Veciños "Monte Faro" de Domaio do acordo tomado en Asemblea Xeral celebrada o 17/10/2004 no que se reclama á Comunidade de Montes a que deslinde e incorpore ao patrimonio veciñal algunhas parcelas que están sufrindo intentos de apropiación por parte de particulares, fai referencia tamén a esta parcela.

Así mesmo sobre esta parcela a Comunidade de Montes mantivo un intenso litixio xudicial por terse formulado contra ela varias conciliacións e unha demanda da propietaria dunha finca lindante por unha servidume de paso reclamada pola propietaria. Presenta copia das actas de conciliación e da Sentenza ditada polo Xulgado de primeira instancia nº 1 de Cangas de data 8 de setembro de 2010 na que se desestima a demanda ao non ter acreditado a propietaria lindante a constitución do dereito real de servidume. Salientamos nesta sentenza o fundamento xurídico segundo ao tratar a excepción da falta de litisconsorcio pasivo necesario, que foi inadmitida ao entender a xuíza que a parte demandada debía ser a Comunidade de Montes de Domaio por considerar que *"a acción exercitada non é outra que a acción confesoria de servidume, a cal só pode ser exercitada fronte á titular ou titulares polos cals capostamente dinavre a servidume de paso en cuestión, quedando correctamente constituída a relación xurídica procesual coa presentación da demanda fronte aos demanditos titulares, neste caso fronte á Comunidade de Montes de Domaio"*. Por todo isto, considérase acreditado o carácter veciñal desta parcela.

**Paradela.-** Esta parcela está lindeira con máis monte veciñal clasificado da parroquia de Domaio. A Comunidade de Montes recorda ter presentado a certificación do seu secretario conforme esa parcela é limpada pola comunidade e ter presentado fotografías que o acreditan. Presenta agora unha declaración xurada dun dos herdeiros dun muiño situado na parcela, que reconece o carácter veciñal da mesma. Presenta tamén copia do convenio acordado co goberno municipal de Cangas no 2007 para a restauración e valoración do contorno forestal dos ríos da Freixa e da Miñoubra, no que está incluída a parcela "Paradela", segundo a planimetría anexa ao convenio. Ademais presenta copia do "Proxecto de melloras no monte comunal de Domaio" elaborado por un enxeñeiro técnico forestal en 2015 e que nos seus puntos 11, 12 e 13 recolle actuacións nesta parcela para potenciar o seu uso social e recreativo, reparando as infraestruturas existentes e instalando outras. Acompañaase con fotografías das actuacións. Considérase acreditado o carácter veciñal desta parcela.



**Río do Bazo.**- A resolución non considera suficientemente probado o aproveitamento actual desta parcela. A documentación presentada (fotografías dunha limpeza recente) non desvirtúan suficientemente tal consideración.

En consecuencia, a vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, e de acordo coa a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, o instructor propón e o **Xurado** por unanimidade **acorda**:

A **DESESTIMACIÓN** do recurso de reposición presentado por dona **M<sup>a</sup> Mercedes Romero Verdeal** e a **ESTIMACIÓN PARCIAL** do recurso de reposición presentado pola Comunidade de Montes de Domaio no sentido de outorgar a **CLASIFICACIÓN** como monte veciñal ás parcelas: **Caroque-Pedra Negra, Fontán Sur (parcela A), Pumariño e Paracela** a favor da CMVMC de Domaio, de acordo cos lindes e cabida reflectidos no Antecedente de feito terceiro da resolución do 30/06/2015 e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente resolución, e confirmar en todos os demais termos a resolución impugnada.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 114, 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.





Sobre ortofoto Escala 1:2.000



Sobre catastro Escala 1:1.000



*[Handwritten signature in blue ink]*

Clasificación da parcela  
"Fontán Sur"

Clasificación das parcelas "Fontán Sur"  
Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de DOMAIO  
Concello de Moaña

 **XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA

Xaneiro - 2017

50m. 0m. 50m.


Escala: 1:2.000



Sobre ortofoto Escala 1:2.500



Sobre catastro Escala 1:2.500



*Handwritten signature in blue ink.*

Clasificación das parcelas  
Carroque e Pedra Negra

Clasificación das parcelas "Carroque e Pedra negra"  
Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de DOMAIO  
Concello de Moaña

**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA

50m. 0m. 50m.

Xaneiro - 2017

Escala: 1:2.500



Sobre ortofoto Escala 1:2.500



Sobre catastro Escala 1:2.500




*[Handwritten signatures in blue ink]*

Clasificación da parcela  
"Paradela"

Clasificación da parcela "Paradela"  
Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de DOMAIO  
Concello de Moaña

 **XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA



Xaneiro - 2017

Escala: 1:2.500



Sobre ortofoto Escala 1:2.000



Sobre catastro Escala 1:2.000



821

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

Clasificación da parcela  
"Pumariño"

Clasificación das parcelas "Pumariño"  
Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de DOMAIO  
Concello de Moaña

 **XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA

Xanero - 2017

50m. 0m. 50m.

Escala: 1:2.000





**XDO. CONTENCIOSO/ADMTVO. N. 3  
PONTEVEDRA**

SENTENCIA: 00231/2017

Modelo: 013500  
C/. GERMAN ADRIAS GONZALEZ NUN. 5 BAJO

Equipo/usuario: JN

N.I.G: 35038 45 3 2017 0000295

Procedimiento: PA PROCEDIMIENTO ABREVIADO 0000107 /2017 /

Sobre: ADMON. AUTONOMICA

De D./D<sup>a</sup>: JUAN ROBERTO DARRIBA FERRADAS

Abogado: RAFAEL MOREDA GARCIA

Procurador D./D<sup>a</sup>: MARIA SUSANA TOMAS ABAL

Contra D./D<sup>a</sup> JURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACION DE MONTES VECINALES, COMUNIDADE DE MONTES VECINAIS EN MAN COMON DE SANTA EULALIA DE NEIRA , COMUNIDADE DE MONTES VECINAIS EN MAN COMON DE DONAIO

Abogado: LETRADO DE LA COMUNIDAD, IGNACIO PIÑEIRO NOGUEIRA ,

Procurador D./D<sup>a</sup> , , CESAR ANGEL ESCARIZ VAZQUEZ

**Sentencia nº 231 /2017.**

Pontevedra, 20.11.2017.

Maria Dolores López López, Magistrada juez titular del Juzgado de lo contencioso administrativo nº 3 de Pontevedra, dicta sentencia en el recurso contencioso seguido ante este juzgado como **Proceso Abreviado nº 107/2017** en que han figurado, como partes procesales intervinientes y resolución recurrida, las que a continuación se indican:

Recurrente.

**Juan Roberto Darriba Ferradás.**

Procuradora Susana Tomás Abal.

Letrado Rafael Moreda.

Administración demandada.

**Clasificación de Montes en Mano Común de Pontevedra-Consellería do  
Medio Rural de la Xunta de Galicia**

Letrada de la Xunta de Galicia.





Codemandados.

Comunidad de Montes de Santa Eulalia de Meira.

Ltrado Ignacio Pineiro Nogueira.

Comunidad de Montes de Domaio.

Procurador Cesar Escariz Vázquez.

Ltrado Calixto Escariz Vázquez.

Resolución recurrida.

Resolución de 16.01.2017 del Presidente del Jurado Provincial de Clasificación de Montes Vecinales en Mano Común de Pontevedra desestimatoria del recurso de reposición formulado por M<sup>a</sup> Mercedes Romero Verdeal y estimatoria parcial del recurso de reposición presentado por la Comunidad de Montes de Domaio en el sentido de otorgar la clasificación como monte vecinal a las parcelas Caroque-Pedra Negra, Fontán Sur (parcela a), Pumariño y Paradela a favor de la Comunidad de Montes Vecinales en Mano común de Domaio, de acuerdo con los lindes y cabida reflejados en el antecedente de hecho tercero de la resolución de 30.06.2015 y la planimetría elaborada al efecto por el Servicio de Montes unida como parte de la resolución de clasificación.

Cuántia del recurso.

1.000 €.

**I. ANTECEDENTES PROCESALES.**

1.- El 20.04.2017 tuvo entrada en el registro del servicio de reparto de Decanato de estos Juzgados escrito de demanda presentado por la representación procesal de Juan Roberto Darriba Ferradás frente a la Administración autonómica demandada en promoción de recurso contencioso administrativo contra la resolución descrita en el encabezamiento de esta sentencia.

2.- Admitido a trámite el recurso, se acordó sustanciarlo por los cauces del proceso abreviado y señalar día y hora para la celebración de vista oral, que ha tenido lugar el 21.09.2017 con la asistencia de las partes y el resultado obrante en acta videográfica recabada a través del programa informático e-Fidelius. Durante la celebración de la vista, el letrado de la parte actora ratificó su demanda, los de la





Administración demandada y los codemandados se opusieron a su estimación, el juzgado fijó la cuantía del recurso en 1.000 € y una vez practicada la prueba declarada pertinente se le ofreció a las partes, dada la entidad de la prueba practicada en Sala, la oportunidad de formular conclusiones por escrito, mostrando todas ellas su conformidad con la sustitución del trámite verbal por el escrito.

Una vez presentados dichos escritos, los autos han quedado definitivamente pendientes de dictar sentencia.

## II.- FUNDAMENTOS DE DERECHO.

PRIMERO. Juan Roberto Darriba Ferradás ataca con su recurso contencioso ante este juzgado la resolución de 16.01.2017 del Presidente del Jurado Provincial de Clasificación de Montes Vecinales en Mano Común de Pontevedra desestimatoria del recurso de reposición formulado por M<sup>a</sup> Mercedes Romero Verdeal y estimatoria parcial del recurso de reposición presentado por la Comunidad de Montes de Domaos en el sentido de otorgar la clasificación como monte vecinal a las parcelas Caroque-Pedra Negra, Fontán Sur (parcela a), Pumariño y Paradela a favor de la Comunidad de Montes Vecinales en Mano común de Domaio, de acuerdo con los lindes y cabida reflejados en el antecedente de hecho tercero de la resolución de 30.06.2015 y la planimetría elaborada al efecto por el Servicio de Montes unida como parte de la resolución de clasificación.

Según expone en su demanda, la resolución originariamente impugnada, es decir, la de junio de 2015 que la de enero de 2017 que aquí se ataca viene a reformar parcialmente al estimar también parcialmente un recurso de reposición formulado frente a ella incluía, en su conclusión primera, apartado 8, la siguiente indicación literal:

*"la parcela Laxe da Costa-Pumariño de 0.2187 hectáreas de superficie total, está repartida en dos subparcelas: una al norte, Laxe da Costa, dividida a su vez en dos partes por una vía pública asfaltada, contiene un lavadero y un molino. La subparcela Sur, Pumariño, está dedicada a pasto. Atribuida titularidad catastral particular en parte de la superficie.*

*Según la memoria presentada, estas parcelas tienen tradicionalmente uso social con un lavadero y un viejo molino y es regularmente limpiado por la Comunidad de montes. Los vecinos lo usan para pastoreo de ganado menor,*





*aprovechamiento que aún se mantiene con la participación de la Comunidad de Montes, que limpia las zonas que los vecinos no aprovechan, en su apoyo presentan certificación del secretario y aporte de fotos. Por su parte, el informe preceptivo recoge que se trata de "entorno inmediato a una carretera asfaltada que queda incluida en la superficie propuesta, así como lavadero, molino muro y accesos a propiedades privadas colindantes. Terreno raso con material de zarza y pies sueltos con matorrales y roble.*

*Un particular pide presentarse en el expediente y en el período de alegaciones presenta escrito manifestando que la parcela denominada Pumariño es de su propiedad, que siempre la cuidó y limpió. No presenta ningún documento, sólo un esbozo con los lindes de su supuesta parcela."*

Motivo por el cual, siguiendo el hilo rector de la demanda, en esa resolución de junio de 2015 se vino a considerar que no estaba *"suficientemente probado el aprovechamiento vecinal de la subparcela denominada Pumariño"* y se acordó no clasificarla como vecinal en mano común.

Sin embargo, con motivo de la interposición de un recurso de reposición frente a esa resolución originaria, recurso que formuló la Comunidad de Montes de Domaio, la Administración autonómica aquí demandada habría alcanzado la decisión que se ataca ahora, firmada por el Presidente del Jurado provincial de clasificación de montes en enero de 2017 donde sí se clasifica la parcela denominada Pumariño como monte vecinal con base en las siguientes consideraciones:

